



A noite de cantar os Reis e pedir o aguinaldo

- Como era?

Cantabamos estas cancións así dos Reis e tal:

Dicen que veñen tres reies
por una estrela guiados
e que lle train o meniño
moitos e ricos regalos.

Xente subindo e baixando
naide se para a mirar
i o neno sigue chorando
i o frío non pode aturar.

Todo é alegría, todo é solar
e todos queren ver o rapaz
todos lle brindan su fe y su amor
porque é o Neno do Redentor.

Viñan os paxaros
por entre as silveiras
repican as campás,
resonan pandeiras,

bailan anxeliños
no seu arredor
que naceu o Neno
do Noso Señor.

- Oe fulano aguinaldo, a ver, da aguinaldo pa cá!
- Bueno lo, que vos vou a dar? Bueno que quereis? Un choiricico, unha androia ou cinco duros, unha comparanza?
- Dánolo que queiras, home.
- Toma aí entonces cinco duros para que compredes unha panocha, pa cuando aseis os chouricicos, pa cuando comais os chouricicos.

Estamos? Outra, outra, outra que lle vou a cantar:



- Eh, señora Rafaela aguinaldo. Vimos a cantarlle os Reis e de paso a ver se nos da o aguinaldo. Podemos cantalos ou non?

Contesta a señora Rafaela:

- Cantai, home, cantai. (Risa)

Levántese señora Rafaela
da súa silla dorada,
véñanos dar o aguinaldo
da súa arquiña pechada.

Anda i anda i anda la marimorena
anda, anda, anda que la noche es buena.

- Déanos o aguinaldo! Adiós!